# O PATRIMONIO E AS CONTAS DA EMPRESA



TEMA 10

# Contidos dos temas 10 e 11



- INTRODUCIÓN
- CONCEPTO DE PATRIMONIO
- CONTAS ANUAIS
- ANÁLISE DA INFORMACIÓN CONTABLE





# Introdución

# Introdución

## QUEN COÑECE A CONTABILIDADE DUNHA EMPRESA SABE SE ESTA MARCHA BEN OU MAL



- Ten a empresa beneficios ou perdas?
- A que son debidos os devanditos resultados?
- Son estes beneficios os esperados ou desviáronse moito das previsións?
- Canto vale agora a empresa? É dicir, canto teño, debo e me deben?
- Vale máis a empresa que o ano pasado?
- Está a funcionar mellor ou peor que o resto de empresas do sector?

# Introdución

A contabilidade é unha técnica que

rexistra,



clasifica,



comunica



e interpreta



a **información** que chega á empresa.

# Introdución

## Importancia da contabilidade:

- Coñecer a **situación** real da empresa.
- Proporcionar **información útil** para a **toma de decisións**.



# Introdución

- Hai moitos **usuarios interesados** na información contable (, Axencia Tributaria, bancos, …)

USUARIOS INTERNOS

Propietarios
Directivos
Traballadores






CONTABILIDADE

USUARIOS EXTERNOS

Estado
Provedores
Bancos
Competidores
…

Agencia Tributaria



# Introdución

**Cualidades** da información contable:



# Introdución

Cualidades da información contable:

- A contabilidade só é útil se todos temos os mesmos criterios para entendela
- É necesaria unha **normalización contable** para que os diversos usuarios a entendan

Plan Xeral de Contabilidade



# Concepto de patrimonio

# Concepto de patrimonio

**Patrimonio** nun momento determinado:

**Patrimonio bruto= bens + dereitos + obrigas**

**Patrimonio neto = bens + dereitos - obrigas**

- **Bens**: edificios, terreos, mobles, maquinaria, mercadorías, diñeiro....
- **Dereitos:** o que á empresa lle deben (clientes, debedores,...)
- **Obrigas** o que a empresa debe a terceiras persoas (provedores, débedas con entidades de crédito, efectos comerciais a pagar, impostos a pagar, ...)

**O QUE VALE O MEU PATRIMONIO = O QUE TEÑO + O QUE ME DEBEN – O QUE DEBO**

# Concepto de patrimonio

*Xuridicamente:*

**PATRIMONIO NETO** = **BENS + DEREITOS** – **OBRIGAS**

Investimentos

Financiamento alleo

*Contablemente:*

**PATRIMONIO NETO** = **ACTIVO** – **PASIVO**

Sendo

**ACTIVO ......................................... Investimentos**

**PATRIMONIO NETO + PASIVO ....... Financiamento, propio e alleo**

# Concepto de patrimonio

- **Activo:** Bens e dereitos dos que a empresa espera obter beneficios ou rendementos económicos no futuro.
- **Pasivo:** Obrigas xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, para a extinción dos cales a empresa debe desprenderse de recursos.
- **Patrimonio neto:** constitúe a parte residual dos activos da empresa, unha vez deducidos todos os seus pasivos. Inclúe as achegas realizadas, xa sexa no momento da súa constitución ou noutros posteriores, polos seus socios ou propietarios, así como os resultados acumulados ou outras variacións que o afectan (os beneficios aumentan o capital inicial e as perdas diminúeno).

ACTIVO = PASIVO + NETO



# Concepto de patrimonio

ACTIVO = PASIVO + NETO



**Ecuación fundamental do patrimonio**



# Elementos patrimoniais
# Masas patrimoniais

## Historia da Contabilidade









- 6.000 A. de C. Sumerios

  A escritura, os números, o concepto de propiedade, as moedas e atopáronse rexistros de ingresos e gastos.

- 1.800 A. de C. Mesopotamia

  Código Hammurabi, que contiña leis de comercio.

- 350 A. de C. Grecia

  Libros oficiais de contabilidade: o diario e o libro de contas de clientes.

- 1.494 Italia

  "Summa de Arithmetica" de Fray Luca Pacioli, principios da contabilidade por partida dobre.

# Elementos e masas

**Elementos patrimoniais** → **Contas** → **Masas patrimoniais**

*Represéntanse mediante*

*Agrúpanse en*

*A información contable resúmese nas*

**Contas Anuais**

# Elementos e masas

- O método contable: a partida dobre

*Nome da conta*

Debe | Haber

**Fundamentos da partida dobre:**

En calquera feito contable hai como mínimo dous elementos afectados.

As variacións dos elementos afectados contrarréstanse entre si, de forma que se segue cumprindo a ecuación fundamental do patrimonio.



# Elementos e masas

ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Represéntanse mediante

CONTAS

# Elementos e masas

EXEMPLOS!

| Elementos patrimoniais | Contas |
|---|---|
| Patente | *Propiedade industrial* |
| Programas de ordenador | *Aplicacións informáticas* |
| Soar | *Terreos e bens naturais* |
| Local comercial | *Construcións* |
| Máquina | *Maquinaria* |
| Camión | *Elementos de transporte* |
| Cartos nunha conta corrente | *Bancos c/c* |
| Factura de venda pendente de cobro | *Clientes* |
| Débeda con subministradores de mercadorías | *Provedores* |

NORMALIZACIÓN

# Elementos e masas

MASAS PATRIMONIAIS

| ACTIVO | PATRIMONIO NETO E PASIVO |
|---|---|
| ACTIVO NON CORRENTE | PATRIMONIO NETO |
| Inmobilizado intanxible | PASIVO NON CORRENTE |
| Inmobilizado material | PASIVO CORRENTE |
| Investimentos inmobiliarios | |
| Investimentos financeiros a longo prazo | |
| ACTIVO CORRENTE | |
| Existencias | |
| Debedores comerciais e outras contas a cobrar | |
| Investimentos financeiros a curto prazo | |
| Efectivo e outros activos líquidos permanentes | |




Obrigas
contables

# Obrigas contables

- En España, a normalización é proporcionada polo **Plan Xeral de Contabilidade** (lei de 2007).
- Na Unión Europea adóptanse as Normas Internacionais de Contabilidade e Información Financeira

O obxectivo da contabilidade é mostrar a **imaxe fiel** do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa

# Obrigas contables

- En España, a normalización é proporcionada polo **Plan Xeral de Contabilidade** (lei de 2007).
- Na Unión Europea adóptanse as Normas Internacionais de Contabilidade e Información Financeira

O obxectivo da contabilidade é mostrar a **imaxe fiel** do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa

icac Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas

# Obrigas contables

- Os libros contables son:







Obrigatorios

Voluntario

# Obrigas contables

- Os libros contables son:






# Contas Anuais

As contas anuais serven para…

Mostrar a **IMAXE FIEL** do patrimonio e dos resultados.

É dicir, procurar que o balance e a conta de perdas e ganancias ofrezan unha visión real, obxectiva e imparcial do patrimonio e os resultados de cada período.

# Contas Anuais

As contas anuais son:



1. Balance
2. Conta de Perdas e Ganancias
3. Estado de Cambios no Patrimonio Neto
4. Estado de Fluxos de Efectivo
5. Memoria

# Contas Anuais

## Formulación das Contas Anuais:

- Ao **peche do exercicio** formúlanse as Contas Anuais.
- O prazo máximo para a súa elaboración é de **3 meses** dende o peche do exercicio.
- Deben elaborarse cunha periodicidade máxima de 12 meses.
- As Contas Anuais deben expresarse **en euros**.
- En cada unha das partidas das contas anuais deberán figurar, as cifras do exercicio que se pecha e as do **exercicio inmediatamente anterior**.
- As contas anuais deben mostrar a **imaxe fiel** (fiable, completa e libre de erros) do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.
- Estarán **asinadas** polo empresario ou por todos os administradores.

# Contas Anuais

**Balance**

Estado contable que representa a estrutura económico – financeira da empresa; o sei patrimonio. O PXC establece que no balance figurará de forma separada o activo, pasivo, e o patrimonio neto.

**Conta de Perdas e Ganancias**

Recollerá o resultado do exercicio, separando debidamente os ingresos e os gastos, e distinguindo os resultados de explotación dos que non o sexan.



# Contas Anuais

## Estado de cambio no patrimonio neto

Informa dos motivos ou causas que provocaron variacións no patrimonio neto dun exercicio a outro: o resultado do exercicio, ampliacións e reducións de capital, subvencións, correccións ou axustes valorativos en elementos patrimoniais,...

## Estado de fluxos de efectivo

Porá de manifesto os cobramentos e os pagamentos realizados pola empresa, co fin de informar acerca dos movementos de efectivo (caixa ou bancos) producidos no exercicio. O EFE non é obrigatorio para as PEMES.

## Memoria

É o documento no que se describe, comenta e completa a información recollida nas outras contas anuais.

# Auditoría

Fases da actividade contable:

1. Elaboración da información contab
2. **Verificación** da devandita informac
3. Comunicación da información d usuarios desta.
4. Análise e interpretación da ir usuarios.



# Auditoría

## AUDITORÍA

*V*erificación da información contable realizada por **expertos independentes,** que comproban que as contas anuais se axustan á ***imaxe fiel*** do patrimonio da empresa.

Un auditor é un **profesional independente** que redactará un **informe** onde manifesta a súa opinión (favorable ou desfavorable) respecto ás contas da empresa.




En principio, o informe favorable e sen salvedades dun auditor será garantía de que a contabilidade está ben feita. Non obstante, non esquezamos os escándalos contables do ano 2002 en empresas como Enrom ou General Electric, que posuían informes favorables dos auditores.



# Balance

# Balance: concepto

O Balance expresa a situación do patrimonio da empresa:

| ACTIVO<br>O que ten e o que lle deben | PATRIMONIO NETO e PASIVO<br>O que debe e a súa "riqueza" |
|---|---|
| **BENS** | **PATRIMONIO NETO** |
| **Todo o que TEN**<br>Maquinaria, mobiliario, locais, equipos, diñeiro... | **A riqueza da empresa**<br>O que puxeron os donos, o que gañou ou perdeu, ... |
| **DEREITOS** | **DÉBEDAS** (obrigas) |
| **Todo o que LLE DEBEN**<br>Contas pendentes de cobro, préstamos a terceiros… | **Todo o que DEBE**<br>Aos provedores, aos bancos, á Seguridade Social, á Facenda, ... |



# Balance: concepto

Dende outro punto de vista:

| ACTIVO | PATRIMONIO NETO e PASIVO |
|---|---|
| ¿En que se investiu? | ¿De onde saíron os fondos? |



# Balance: concepto

Sempre se cumpre que:

| ACTIVO | = | PATRIMONIO NETO + PASIVO |
|---|---|---|

*Ecuación fundamental*

Por que:

| Investimento | = | Financiamento |
|---|---|---|
| Aplicación dos fondos | = | Orixe dos fondos |



# Balance: estrutura

## A estrutura económica:

MASAS PATRIMONIAIS:

**ACTIVO**

**ACTIVO NON CORRENTE**

- Inmobilizado intanxible
- Inmobilizado material
- Investimentos inmobiliarios
- Investimentos financeiros a longo prazo

**ACTIVO NON CORRENTE**

Bens e dereitos que permanecerán máis dun ano na empresa

**ACTIVO CORRENTE**

- Existencias
- Debedores comerciais
- Investimentos financeiros a curto prazo
- Efectivo e outros activos líquidos

ACTIVO CORRENTE

Bens e dereitos que permanecerán na empresa pouco tempo; un ano ou menos

# Balance: estrutura

## A estrutura financeira :

MASAS PATRIMONIAIS:

**PATRIMONIO NETO E PASIVO**

Recursos permanentes

| PATRIMONIO NETO E PASIVO | | |
|---|---|---|
| **PATRIMONIO NETO** | ⇐ | **PATRIMONIO NETO** Recursos propios da empresa, non esixibles, non ten que devolvelos |
| **PASIVO NON CORRENTE** | ⇐ | **PASIVO NON CORRENTE** Débedas esixibles a máis dun ano |
| **PASIVO CORRENTE** | ⇐ | **PASIVO CORRENTE** Débedas esixibles a un ano ou menos |

# Balance: ordenación

| ACTIVO |
| --- |
| **ACTIVO NON CORRENTE**<br>Inmobilizado intanxible<br>Inmobilizado material<br>Investimentos inmobiliarios<br>Investimentos financeiros a longo prazo |
| **ACTIVO CORRENTE**<br>Existencias<br>Debedores comerciais<br>Investimentos financeiros a curto prazo<br>Efectivo e outros activos líquidos |

| PATRIMONIO NETO E PASIVO |
| --- |
| **PATRIMONIO NETO** |
| **PASIVO NON CORRENTE** |
| **PASIVO CORRENTE** |

O activo ordénase de menor a maior **liquidez**

O neto e o pasivo ordénanse de menor a maior **esixibilidade**

*Liquidez: facilidade para convertir un activo en diñeiro líquido*

*Esixibilidade: plazo de pago dunha obrigación*



# Balance: Ferrovial

(Millones de euros)

| ACTIVO | NOTA | 2007 | 2006 |
|---|---|---|---|
| **Activos no corrientes** | | **42.921** | **44.379** |
| Fondo de Comercio | 5 | 7.242 | 8.483 |
| Activos Intangibles (1) | 6 | 160 | 179 |
| Inmovilizado en proyectos de infraestructuras | 7 | 30.929 | 31.993 |
| Inmovilizado material (1) | 8 | 785 | 754 |
| Inversiones en asociadas | 9 | 102 | 82 |
| Activos financieros no corrientes | 10 | 2.253 | 1.945 |
| Cuentas a cobrar de proyectos de infraestructuras y otras | | 1.476 | 1.263 |
| Activos financieros disponibles para la venta | | 67 | 196 |
| Caja restringida | | 302 | 329 |
| Resto de cuentas a cobrar | | 408 | 157 |
| Activo por superávit de pensiones | 18 | 165 | 0 |
| Impuestos Diferidos | 23 | 1.034 | 739 |
| Derivados financieros a valor razonable | 11 | 251 | 204 |
| **Activos clasificados como mantenidos para la venta y de actividades discontinuadas** | **12** | **1.096** | **2.147** |
| **Activos corrientes** | | **7.570** | **8.265** |
| Existencias | 13 | 496 | 383 |
| Clientes y otras cuentas a cobrar | 14 | 4.779 | 5.483 |
| Clientes por ventas y prestaciones de servicios | | 4.138 | 3.824 |
| Otros deudores | | 658 | 1.660 |
| Activos por impuestos sobre las ganancias corrientes | | 156 | 148 |
| Provisiones | | -173 | -149 |
| Tesorería y Equivalentes | 20 | 2.295 | 2.399 |
| Sociedades de proyectos de infraestructuras | | 980 | 972 |
| Caja restringida | | 483 | 101 |
| Resto de tesorería y equivalentes | | 497 | 871 |
| Resto de sociedades | | 1.315 | 1.427 |
| **TOTAL ACTIVO** | | **51.587** | **54.791** |

| PASIVO Y PATRIMONIO NETO | NOTA | 2007 | 2006 |
|---|---|---|---|
| **Patrimonio neto** | **16** | **6.848** | **6.662** |
| **Patrimonio neto atribuible a los accionistas** | | **3.912** | **3.504** |
| Patrimonio neto atribuible a los socios externos | | 2.936 | 3.158 |
| **Ingresos a distribuir en varios ejercicios** | **17** | **322** | **304** |
| **Pasivos no corrientes** | | **36.301** | **37.819** |
| Provisiones para pensiones | 18 | 93 | 598 |
| Otras Provisiones no corrientes | 19 | 417 | 352 |
| Deuda Financiera | 20 | 31.634 | 32.708 |
| Obligaciones y deudas de proyectos de infraestructuras | | 28.605 | 28.933 |
| Deudas con entidades de crédito resto de sociedades | | 3.029 | 3.775 |
| Deuda no financiera | 21 | 178 | 200 |
| Impuestos Diferidos | 23 | 3.138 | 3.486 |
| Derivados financieros a valor razonable | 11 | 841 | 475 |
| **Pasivos clasificados como mantenidos para la venta y de actividades discontinuadas** | **12** | **363** | **185** |
| **Pasivos corrientes** | | **7.753** | **9.821** |
| Deuda Financiera | 20 | 1.226 | 2.838 |
| Obligaciones y deudas de proyectos de infraestructuras | | 919 | 2.122 |
| Deudas con entidades de crédito resto de sociedades | | 307 | 716 |
| Deudas por operaciones de tráfico | 22 | 6.017 | 6.558 |
| Acreedores comerciales | | 4.770 | 5.524 |
| Pasivos por impuestos sobre las ganancias corrientes | | 309 | 414 |
| Otras deudas no comerciales | | 938 | 620 |
| Provisiones para operaciones de tráfico | 19 | 510 | 425 |
| **TOTAL PASIVO Y PATRIMONIO NETO** | | **51.587** | **54.791** |

# Balance: que inclúe cada masa

| | |
|---|---|
| **ACTIVO NON CORRENTE** | ► Activo fixo, inmobilizado ou a longo prazo (máis dun ano) |
| Inmobilizado intanxible | ► Concesións, patentes, software,… menos amortizacións acumuladas. |
| Inmobilizado material | ► Terreos, locais, maquinaria, mobiliario,… menos amortizacións acumuladas. |
| Investimentos inmobiliarios | ► Terreos e inmobles con fins de investimento |
| Investimentos financeiros a longo prazo | ► Investimentos en accións, imposicións,... a máis dun ano |
| **ACTIVO CORRENTE** | ► Activo circulante, a un ano ou menos |
| Existencias | ► Inventarios, stocks |
| Debedores | ► Clientes, debedores, ... |
| Investimentos financeiros a corto prazo | ► Investimentos financeiros a un ano ou menos |
| Efectivo | ► Diñeiro na caixa e nos bancos |

| | |
|---|---|
| **PATRIMONIO NETO** | ► Capital, reservas, resultado do exercicio |
| **PASIVO NON CORRENTE** | ► Débedas a longo prazo. |
| **PASIVO CORRENTE** | ► Provedores, acredores e outras débedas a curto prazo. |

# Balance: lembra

| ACTIVO | | PASIVO |
| --- | --- | --- |
| Clientes | ↔ | Provedores |
| Debedores | ↔ | Acredores |
| Crédito | ↔ | Débeda, préstamo |



**Identifica os seguintes conceptos cos de ACTIVO, PASIVO ou PATRIMONIO NETO sinalando cunha "X" na columna que corresponda:**

| Conceptos | ACTIVO | PASIVO | NETO | Conceptos | ACTIVO | PASIVO | NETO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Bens | | | | Reservas | | | |
| Dereitos | | | | Beneficios deste ano | | | |
| O que temos | | | | Beneficios do ano pasado | | | |
| O que nos deben | | | | Préstamos recibidos | | | |
| O que debemos | | | | Diñeiro en efectivo | | | |
| Obrigas | | | | Débedas | | | |
| Investimentos | | | | Debedores | | | |
| Financiamento | | | | Acredores | | | |
| Fondos propios | | | | Provedores | | | |
| Capital | | | | Clientes | | | |

**Identifica os seguintes conceptos cos de ACTIVO, PASIVO ou PATRIMONIO NETO sinalando cunha “X” na columna que corresponda:**

| Conceptos | ACTIVO | PASIVO | NETO | Conceptos | ACTIVO | PASIVO | NETO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Bens | X | | | Reservas | | | X |
| Dereitos | X | | | Beneficios deste ano | | | X |
| O que temos | X | | | Beneficios do ano pasado | | | X |
| O que nos deben | X | | | Préstamos recibidos | | X | |
| O que debemos | | X | | Diñeiro en efectivo | X | | |
| Obrigas | | X | | Débedas | | X | |
| Investimentos | X | | | Debedores | X | | |
| Financiamento | | X | X | Acredores | | X | |
| Fondos propios | | | X | Provedores | | X | |
| Capital | | | X | Clientes | X | | |

Clasifica os seguintes elementos patrimoniais dunha empresa dedicada a compravenda de roupa:

| Elementos patrimoniais: | ACTIVO | | | | | | | | PASIVO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ACTIVO NON CORRENTE | | | | ACTIVO CORRENTE | | | | PATRIMO-NIO NETO | PASIVO NON CORRENTE | PASIVO CORRENTE |
| | Intan-xible | Mate-rial | Invest. Inmob. | I. fin. L/P | Existen-cias | Debe-dores | I. fin. C/P | Efecti-vo | | | |
| Diñeiro en caixa | | | | | | | | | | | |
| Préstamo do banco a 2 anos | | | | | | | | | | | |
| Débeda por mercar pantalóns | | | | | | | | | | | |
| Camión | | | | | | | | | | | |
| Leasing a 4 anos dun ordenador | | | | | | | | | | | |
| Reservas de anos anteriores | | | | | | | | | | | |
| Programa informático | | | | | | | | | | | |

Clasifica os seguintes elementos patrimoniais dunha empresa dedicada a compravenda de roupa:

| Elementos patrimoniais: | ACTIVO | | | | | | | | PASIVO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ACTIVO NON CORRENTE | | | | ACTIVO CORRENTE | | | | PATRIMO-NIO NETO | PASIVO NON CORRENTE | PASIVO CORRENTE |
| | Intan-xible | Mate-rial | Invest. Inmob. | I. fin. L/P | Existen-cias | Debe-dores | I. fin. C/P | Efecti-vo | | | |
| Diñeiro en caixa | | | | | | | | X | | | |
| Préstamo do banco a 2 anos | | | | | | | | | | X | |
| Débeda por mercar pantalóns | | | | | | | | | | | X |
| Camión | | X | | | | | | | | | |
| Leasing a 4 anos dun ordenador | | | | | | | | | | | X |
| Reservas de anos anteriores | | | | | | | | | X | | |
| Programa informático | X | | | | | | | | | | |



# Amortizacións

# AS AMORTIZACIÓNS

## BALANCE

ACTIVO NON CORRENTE

Inmobilizado

Amortización acumulada do inmobilizado (-)

↓

*Corrixe o valor do ANC*

## CONTA de P. e G.

RESULADO DE EXPLOTACIÓN

Amortización anual do inmobilizado (-)

↓

*É un gasto*



# Conta de Perdas e Ganancias

# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

A conta de perdas e ganancias recollerá o resultado do exercicio, separando debidamente os ingresos e os gastos, e distinguindo os resultados de explotación dos que non o sexan.





# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS



INGRESOS - GASTOS

COBROS - PAGOS

**RESULTADO ≠ FLUXO DE CAIXA**

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

ESTADO DE FUXOS DE EFECTIVO











# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

| | |
|---|---|
| INGRESOS DE EXPLOTACIÓN | **Vendas de mercadorías, prestacións de servizos, variación de existencias, outros ingresos de xestión.** |
| GASTOS DE EXPLOTACIÓN | **Compras, arrendamentos, reparacións, servizos de profesionais independentes, transportes, primas de seguros, publicidade, subministracións, tributos, soldos e salarios, seguridade social da empresa, amortizacións do inmobilizado, deterioración e resultados pola venda do inmobilizado** |
| **RESULTADO DE EXPLOTACIÓN** (+/-) | **= Ingresos de Explotación - Gastos de Explotación** |
| INGRESOS FINANCEIROS | **Dividendos, intereses a cobrar,...** |
| GASTOS FINANCEIROS | **Intereses de débedas,...** |
| **RESULTADO FINANCEIRO** (+/-) | **= Ingresos Financeiros - Gastos Financeiros** |
| **RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS** (+/-) | **= Resultados de explotación + Resultados Financeiros** |
| Impostos sobre beneficios | **(Calcúlase so se existen beneficios)** |
| **RESULTADO DO EXERCICIO** | **RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS – Imposto do beneficio** |